



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Desenvolvemento e Comercialización de Proxectos I+D+i

Materia	Desenvolvemento e Comercialización de Proxectos I+D+i			
Código	004M006V01108			
Titulación	Máster Universitario en Creación, Dirección e Innovación na Empresa			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	3	OB	1	2c
Lingua de impartición				
Departamento	Bioloxía vexetal e ciencias do solo Organización de empresas e márketing			
Coordinador/a	Sinde Cantorna, Ana Isabel			
Profesorado	Sinde Cantorna, Ana Isabel			
Correo-e	asinde@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	O obxectivo desta materia é que o alumnado coñeza en profundidade as metodoloxías, modelos e técnicas de xestión de proxectos de innovación.			

## Competencias

Código	
A1	Posuír e comprender coñecementos que acheguen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, adoito nun contexto de investigación.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo.
A3	Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e se enfrontar á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos.
A4	Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións, e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan, a públicos especializados e non especializados dun xeito claro e sen ambigüidades.
A5	Que os estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun xeito que terá que ser, en grande medida, autodirixido e autónomo.
B1	Capacidade de organización e planificación
B6	Capacidade para a transmisión de ideas e a defensa do propio criterio
B10	Coñecemento do contexto institucional da innovación empresarial
C4	Capacidade para deseñar, implementar e xestionar proxectos innovadores
C5	Capacidade para identificar, desenvolver e crear oportunidades de mercado nas empresas a través da xestión da creatividade e a innovación
D6	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica

## Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
---------------------------------	---------------------------------------

Recoñecer a importancia da xeración interna da tecnoloxía a través do desenvolvemento de proxectos de I+D.	A1 A2 A3 C5
Explicar as principais vías para a comercialización de proxectos de I+D+I. Describir os principais mecanismos para garantir as transferencias de tecnoloxía sen vulnerar os dereitos das partes intervinientes.	A1 A2 A3 A4 B1 C4
Analizar as posibles vías de acceso á tecnoloxía por parte das empresas.	A1 A2 A3 A4 A5 B10
Valorar en que casos é recomendable o desenvolvemento interno da tecnoloxía.	A2 A3 A4 B1 B10
Identificar as diferentes etapas asociadas ao desenvolvemento dun proxecto e os elementos críticos de cada unha delas.	A1 A2 A3 B1 C4
Utilizar ferramentas específicas que apoian a dirección de proxectos.	A1 A2 A3 A4 A5 C4
Preparar propostas de proxectos de I+D.	A1 A2 A3 A4 A5 B6 D6
Identificar as diferentes opcións á hora de comercializar proxectos de I+D.	A1 A2 A3 A4 A5 C5 D6
Analizar os posibles mecanismos que garanten a protección do coñecemento xerado.	A1 A2 B10

## Contidos

### Tema

1. Desenvolvemento de proxectos de I+D.	- Dirección de proxectos - Fases dun proxecto: Inicio, planificación, execución, control e peche - Ferramentas para a dirección de proxectos - Xestión de riscos - Xestión de cambios - Control financeiro
2. Comercialización de proxectos	- Transferencia de tecnoloxía - Sistemas de transferencia de tecnoloxía e modelos de comercialización - Requisitos do mercado - Mecanismos legais que permiten incrementar a seguridade da transferencia

## Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Sesión maxistral	5	15	20

Estudo de casos/análises de situacións	5	15	20
Proxectos	0	24	24
Traballos e proxectos	5	5	10
Probas de tipo test	1	0	1

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

### Metodoloxía docente

	Descrición
Sesión maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante.
Estudo de casos/análises de situacións	Realización de prácticas que serán entregadas polo alumnado e nas que se valorará a súa capacidade na aplicación dos conceptos e ferramentas para a xestión de proxectos explicadas.
Proxectos	Deberá elaborarse unha proposta de proxecto de I+D+i que se exporá publicamente.

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	O alumnado contará ao longo do período de preparación da materia co apoio do profesorado, ben a través de titorías presenciais ou ben a través de titorías telemáticas.
Proxectos	O alumnado contará ao longo do período de preparación da materia co apoio do profesorado, ben a través de titorías presenciais ou ben a través de titorías telemáticas.
Estudo de casos/análises de situacións	O alumnado contará ao longo do período de preparación da materia co apoio do profesorado, ben a través de titorías presenciais ou ben a través de titorías telemáticas.

### Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Traballos e proxectos	Deberá elaborarse unha proposta de proxecto de I+D+i que se exporá publicamente.	80	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B6 B10	C4 C5	D6
Probas de tipo test	Proba de seguimento. Necesario obter unha puntuación mínima de 5 sobre 10 nesta proba.	20	A1 A2 A3	B1 B10		D6

### Outros comentarios sobre a Avaliación

#### Outros comentarios e segunda convocatoria

#### Oportunidades de avaliación

Os alumnos disporán de dúas oportunidades de avaliación correspondentes coas convocatorias ordinaria (xuño) e extraordinaria (xullo). As datas dos exames e de entrega dos traballos fixaranse no calendario académico do Máster; no caso de que non apareza data de entrega de traballos, entenderase que o prazo termina o día anterior á data do examen.

No caso de que o alumno só supere algunha das partes, a cualificación desta parte conservarase durante as dúas oportunidades de avaliación.

Entenderase que un alumno non se presenta á materia cando non se presente ao examen, nin entregue parte algunha das actividades propostas nas datas fixadas.

#### Observación:

Calquera evidencia de traballos plaxiados ou copiados suporá unha cualificación de suspenso nas dúas convocatorias.

As datas e horarios das probas de avaliación das diferentes convocatorias son as especificadas no calendario de probas de avaliación aprobado pola Comisión Académica do Máster para o curso 2015-2016. Non obstante, o calendario pode ser modificado ao longo do curso por algún imprevisto. Consulte a páxina web do Máster por se hai cambios no mesmo. No caso de conflito ou disparidade entre as datas dos exames, prevalecerán as sinaladas na mencionada páxina web (<http://mastercidie.webs.uvigo.es/index.php/gl/docencia-menu-gl/horarios-e-guia-novo-alumnado>).

### Bibliografía. Fontes de información

- AENOR, UNE 166000, 2006, AENOR, MADRID
- AENOR, UNE 166001, 2006, AENOR, MADRID
- ECHEVARRÍA JADRAQUE, D., MANUAL PARA PROJECT MANAGERS: CÓMO GESTIONAR PROYECTOS CON ÉXITO, 2011, WOLTERS KLUWER, MADRID
- HORINE, G.M., GESTIÓN DE PROYECTOS: EDICIÓN REVISADA Y ACTUALIZADA 2010, 2009, ANAYA, MADRID

---

## **Recomendacións**

---

### **Materias que se recomenda cursar simultaneamente**

---

Dirección Estratéxica da Innovación e a Tecnoloxía: Ferramentas para a súa Xestión/O04M006V01207

Políticas de I+D e Innovación na Unión Europea/O04M006V01206

Sistemas Español e Galego de Innovación/O04M006V01203

---

### **Materias que se recomenda ter cursado previamente**

---

Cadro Lexislativo e Fiscal para a Constitución, o Crecemento e a Innovación/O04M006V01201

---